



ASUNTO: COMUNICADO Á OPINIÓN PÚBLICA.
ORZAMENTOS 2014, AUSENCIA DO CENTRO DE SAÚDE DE CEDEIRA.

En cada Pleno da Corporación, o Grupo Socialista de Cedeira levanta a súa voz reivindicando a necesidade de que o grupo do PP, deixe de por atrancos á construción dun CENTRO DE SAÚDE. Cada vez que temos oportunidade de amosar o noso malestar pola desidia do PP respecto do novo centro de Saúde de Cedeira, levantamos a nosa voz.

Existe un compromiso de construción por parte da Xunta de Galicia e o Goberno de Madrid, con disposición orzamentaria de 2,4 millóns de euros, para construír un novo centro de saúde. Mentras tanto, o goberno local do PP, nunha actitude que, humildemente, non entendemos en representantes do interese público, négase a facilitarlle á Consellería de Sanidade os medios que lle permitirían iniciar esta construción **desde fai dous anos**. Non comprendemos os motivos, salvo que accedamos a interpretar o abandono, os atrancos, as disculpas, como a maneira que teñen Leopoldo e Luis Rubido en por atrancos a una conquista de gobernos anteriores.

Outros gobernos locais, Ares, A Capela, e outros, tamén do PP, déronse boa presa en porse a disposición da Consellería para que os proxectos non se retrasasen. O PP de Cedeira fixo ao revés, por atrancos e problemas á cesión do solo que o goberno anterior lle ofreceu á Xunta. Entrevistáronse coa Consellería e os resultados concluíron na paralización de tan necesaria construción. Todos os datos apuntan á oposición do PP cedeirés a que se constrúa un novo Centro de Saúde.

Pola contra, os socialistas vémosto necesario e urgente. Fainos falla que os servizos sanitarios de Cedeira ofrezan **fisioterapia, servizos de pediatría perfectamente dotados, arquivo, espazos para descanso do persoal, ausencia de humidades, aparcamentos, separación do servizo de urxencias**, e outras dependencias que deberán ser incluídas no futuro organigrama que Cedeira deberá ter.

Mentres tanto, contamos cos compromisos da Xunta de Galicia e do Goberno de Madrid. O PP de Cedeira non conta, pola contra, coa autorización da cidadanía para seguir obstaculizando a construción do CENTRO DE SAÚDE. Nestes momentos de crise, as decisións caprichosas, de cortas miras, teñen que desaparecer para dar pasos a posicións de altura de miras e ausencia de sectarismo.

En Cedeira, a 23 de outubro do 2013

JOSÉ LUIS VERGARA REY

PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA